



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
1248/2018	A Xunta de Goberno Local

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 28 de maio de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 1248/2018. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESBROCE DE VÍAS DE PROPIEDAD MUNICIPAL EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ESTRADA DURANTE O ANO 2018.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 22/05/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o expediente tramitado, de contratación do “SERVIZO DE DESBROCE DE VÍAS DE PROPIEDAD MUNICIPAL EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ESTRADA DURANTE O ANO 2018”.

Visto que dentro de prazo presentaron ofertas EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA S.L.; ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U; MAXIMINO A. BREY MACEIRA e ALCOMTE GALICIA S.L.

Visto que todos os licitadores presentan correctamente tanto a Declaración Responsable como a Declaración de empresas vinculadas, tal e como se establecía no PCAP.

Visto que, unha vez procedido á apertura do sobre B (oferta económica), obsérvase que a presentada por MAXIMINO A. BREY MACEIRA, é considerada desproporcionada, pois, de conformidade co estipulado na cláusula 8 de PCAP, a súa contía é inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas.

Visto que se lle requiriu para que xustificase dita oferta e precisase as condicións da mesma.

Visto que dentro do prazo concedido ao efecto, o Sr. Brey

Concello da Estrada



Maceiras presentou un escrito xustificando a baixa ofertada.

Visto o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal, Sr. Brea Villaverde, considerando xustificada a mesma.

Visto que, como consecuencia do anterior, procede a continuidade do Sr. Brey Maceiras nesta licitación.

Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 14 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, envióselle un escrito ás tres empresas que realizaron as mellores ofertas no seu conxunto así como á empresa que fixo a mellor oferta por criterio, para que formularan contestación, ben confirmando a primeira oferta presentada ou ben mellorando a mesma.

Visto que a empresa ALCOMTE GALICIA S.L. confirma a primeira oferta presentada.

Visto que, tanto a empresa EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA S.L. como MAXIMINO A. BREY MACEIRAS, fan unha oferta que mellora a inicialmente presentada.

Visto que, como consecuencia do anterior, e unha vez efectuados os correspondentes cálculos, MAXIMINO A. BREY MACEIRA foi o que acadou a maior puntuación.

Visto que presentou correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adjudicación (excluído o IVE) e unha póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 150.000 euros, e xustificante de atoparse ao corrente nos pagamentos da mesma.

Visto o informe emitido pola Sra. Interventora accidental con data 23/05/2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Adjudicar o contrato do "SERVIZO DE DESBROCE



DE VIAIS E PREDIOS DE PROPIEDADE MUNICIPAL EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ESTRADA DURANTE O ANO 2018” a D. MAXIMINO ALFONSO BREY MACEIRA (DNI nº 76858152 H) con arranxo aos Pregos e á súa oferta, por un importe máximo de 50.000,00 euros (IVE incluído), segundo o seguinte desglose:

- Prezo por quilómetro de roza por ambas marxes da pista: 140,50 €/quilómetro máis o 21% de IVE (29,51 euros) resultando un total de 170,00 euros/quilómetro.
- Prezo por hectárea de roza de predio é de 250 €/hectárea máis o 21% de IVE (52,50 €), resultando un importe total de: 302,50 euros/hectárea.

Terceiro.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

Cuarto.- Notifíquese o presente Acordo ao adxudicatario así como aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233